

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

ACORDO DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

PARTES ASINANTES

Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira

OBXECTO

Os concellos asinantes ACORDAN a SOLICITUDE CONXUNTA DA SUBVENCIÓN destinada aos Centros de Información á Muller contida na Resolución dó, 29 de diciembre de 2017 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, cofinanciadas polo FSE e pola que se, procede a súa convocatoria para o ano 2018.

PRAZO DE DURACIÓN

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira asumen o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas estas axudas polo Programa operativo FSE Galicia 2014- 2020, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

Data da firma do convenio: 21 de febreiro de 2018

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos vecinos e veciñas a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos disponibles

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Ortigueira e incluírá todo o relacionado cos aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

CONVENIOS ASINADOS 2018

O persoal do CIM do concello de Ortigueira, asesora xurídica e psicóloga, realizarán actividades de información, asesoramento, orientación e mellora da empregabilidade e formativas dirixida a todas as persoas usuarias dos concellos agrupados. O persoal dependerá exclusivamente do concello de Ortigueira, sen que os concellos agrupados teñan ningunha vinculación legal co persoal do CIM.

Esta actividade desenvolverase dende a sede do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira, situado actualmente no Centro Social, Alameda s/n da localidade de Ortigueira.

OBRIGAS ECONÓMICAS

Os Concellos asinantes coñecen que as axudas solicitadas ao abeiro deste programa están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80 %, e coñecen as abrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 21 da convocatoria.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

PARTES ASINANTES

ANPA do CEIP Nicolás Del Río e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da ANPA, e en particular as seguintes actividades que organiza a ANPA:

- Actividades extraescolares
- Campamentos Picapeixe para conciliación fóra do calendario lectivo (verán, Nadal, Semana Santa e outros)
- Actividades organizadas no horario lectivo en colaboración co centro educativo (excursións, Día da Árbore, proxección de películas no Auditorio, etc)
- Servizo de Madrugadores

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2018.

Data da firma do convenio: 12 de xullo de 2018

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A ANPA virá obriaga a:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades;
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente;
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 3 7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio.

OBRIGAS ECONÓMICAS

CONVENIOS ASINADOS 2018

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

- Unha subvención económica cunha aportación de 10.000 €, con cargo a partida 3232.489.00 do Orzamento municipal para o exercicio 2018, que se destinarán ao funcionamento do servizo de madrugadores, así como á contratación por parte da ANPA de monitores para os campus de conciliación a realizar ao longo do ano.
- O Concello financiará mediante axudas de emerxencia social, cando proceda, total ou parcialmente as cotas polos menores declarados en exclusión social informados polos servizos sociais municipais.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO CASCO ANTIGUO DE CEDEIRA

PARTES ASINANTES

Asociación de comerciantes do casco antigo de Cedeira e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira das actividades de interese xeral realizadas pala Asociación ao longo do ano 2017:

- Peixerock
- CedeiraViño
- Xuntanza Motera
- Festas Patronais

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extenderá os seus efectos ata o 15 de xullo de 2018 sen posibilidade de prórroga e terá efectos para os gastos efectuados no 2017.

Data da firma do convenio: 15 de xuño de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención e a súa normativa reguladora; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sexta do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O Concello comprométese a subvencionar cun máximo de 8.000 € os gastos xustificadas polos eventos antes sinalados, tendo en conta o importe xa aboado e o disposto respecto dos pagamentos anticipados da cláusula sétima.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha porcentaxe do 100 por 100 cun máximo de 8.000,00 €, que figurou na partida 433.489.00 do orzamento do 2017, que figura igualmente no orzamento prorrogado do 2018 e no presuposto inicialmente aprobado no Pleno do 26 de abril do 2018.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO IES PUNTA CANDIEIRA

PARTES ASINANTES

Asociación de nais e pais do IES Punta Candieira e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da ANPA, e en particular as seguintes actividades que organiza a ANPA:

- Cursos de formación co obxectivo de integrar no mundo laboral aos seus participantes
- Servizo de préstamo de libros
- Proxeccións de cine

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano. Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio será con carácter retroactivo dende o día 1 de xaneiro do 2018.

Data da firma do convenio: 23 de xullo de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá o brigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio coas seguintes aportacións:

CONVENIOS ASINADOS 2018

Unha subvención económica cunha aportación de 10.000 €, con cargo a partida 324.489.00 do Orzamento municipal para o exercicio 2018, que se destinarán ao desenvolvemento das actividades desenvoltas pola ANPA.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A AMPLIACIÓN E REFORMA DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE CEDEIRA INTEGRADA NA REDE DE ESCOLAS INFANTIS XESTIONADAS POLO CONSORCIO

PARTES ASINANTES

Consortio Galega de Servizos de Igualdade e Benestar e Concello de Cedeira

OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consortio Galega de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cedeira para a ampliación e reforma da escala infantil do Concello de Cedeira integrada na rede de escolas infantís xestionadas polo Consortio.

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, polo tempo adicional que sexa necesario para a completa execución das actuacións que constitúen o seu obxecto, e previa a tramitación dos correspondentes axustes orzamentarios e contables.

Data da firma do convenio: 9 de agosto de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

O Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar desenvolverá o procedemento para a contratación e adjudicación das obras de reforma e ampliación da Escala Infantil segundo o proxecto básico e de execución redactado e aprobado polo Concello para a realización das devanditas obras.

O Concello de Cedeira comprométese, en virtude do presente convenio, á redacción e aprobación do proxecto básico e de execución para a ampliación e reforma da escola infantil, así como a asumir a dirección da obra, dirección de execución da obra e coordinación de seguridade e saúde desta.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O importe total para a execución da obra de reforma e ampliación da escala infantil obxecto do presente convenio estimase en 141.337,70 euros. Oeste importe o Consortio Galega de Servizos de Igualdade e Benestar achegará 100.000 euros e o Concello de Cedeira 41.337,70 euros.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN SOBRE RODAS DE CEDEIRA

PARTES ASINANTES

Asociación Sobre Rodas e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asociación Sobre Rodas de Cedeira, e en particular para o seguinte: Actividades que inclúen monitores e Material ortopédico.

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2018.

Data da firma do convenio: 22 de agosto de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá o brigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente;
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- Acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación máxima 3.200 € distribuída do seguinte xeito:

- **2.400** euros adicados a actividades (nóminas dos monitores), da aplicación orzamentaria **23148900**.
- **800** euros para investimentos (material ortopédico) a cargo da aplicación orzamentaria **23178900**.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA

PARTES ASINANTES

Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira e Concello de Cedeira

OBJECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración para financiamento por parte do Concello de Cedeira dos gastos correntes e dos investimentos precisos para un axeitado funcionamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cedeira.

PRAZO DE DURACIÓN

O presente Convenio terá duración anual e comprenderá gastos e actuacións dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano en curso.

Data da firma do convenio: 22 de agosto de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A AVPC deberá cumprir a finalidade propia das actividades da protección civil na promoción de prevención e autoprotección cidadana, así como a colaboración, auxilio e apoio aos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas na lexislación, nos seus Estatutos, no Plan de Emerxencias Municipal e demais plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das labores da AVPC se entenden engadidas cantas actuacións de protección e prevención de persoas ou bens nos eventos celebrados en Cedeira, sexan ou non organizados polo Concello aínda que terán sempre prioridade tanto os organizados polo Concello como polas asociacións ou entidades rexistradas no mesmo, como os solicitados polo 112, e especialmente nos que se prevea afluencia notable de persoas, ou en auxilio da Policía Local e outros Forzas e Corpos de Seguridade cando estes o soliciten.

Do mesmo modo a entidade virá obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sexta do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación total de 15.000 euros que se reparten do seguinte xeito:

CONVENIOS ASINADOS 2018

- 9.000,00 € destinados a gastos en actividades con cargo a aplicación orzamentaria 135.489.00
- 6.000,00 € destinados a investimentos con cargo a aplicación orzamentaria 135.789.00.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA Y ECOEMBES.

PARTES ASINANTES

Ecoembes e Concello de Cedeira

OBJECTO

O obxecto do presente acordo é a posta en marcha de medidas para a mellora da contenerización da recollida selectiva de papel-cartón no Concello de Cedeira, co fin de incrementar as cantidades recuperadas e conseguir un aumento na porcentaxe de reciclaxe dos residuos de envases.

PRAZO DE DURACIÓN

Data da firma do convenio: 27 de xullo de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Ecoembes comprométese a:

- Asumir o sobrecusto do servizo derivado da adquisición de contedores para a recollida selectiva de papel-cartón e a súa localización na vía pública (por parte do Concello de Cedeira ou Entidade en quen esta delegue). O importe máximo a asumir por Ecoembes será de 2.800 € (IVA non incluído). En ningún caso a colaboración no financiamento dos contedores supón a adquisición da propiedade dos mesmos por parte de Ecoembes. O papel de Ecoembes cingúese en sufragar o custo do servizo prestado en concepto de recollida selectiva, sendo o obxectivo desta acción a mellora da calidade do servizo de recollida prestado a Ecoembes.
- Colaborar co Concello de Cedeira no seguimento continuo dos resultados da recollida selectiva.

O Concello de Cedeira comprométese a:

- Adquirir os contedores de recollida selectiva de envases lixeiros e proceder á súa colocación en vía pública. O prazo para a compra e colocación de todos os contedores en vía pública será de 3 meses tras a firma do presente acordo; de superarse este prazo, sen causa xustificativa, Ecoembes non realizará o pago correspondente indicado na cláusula anterior.
- Para o control e seguimento das entregas deberase informar a Ecoembes da adquisición dos mesmos, mediante albarán xustificativo, e envío de coordenadas de localización das novas localizacións dos contedores.
- Manter perfectamente actualizado o inventario de contedores para recollida selectiva de papel-cartón situados en vía pública de acordo ao especificado no Convenio de Colaboración, reflectindo no mesmo as altas e baixas que se vaian producindo e, en particular, indicando os contedores que foron instalados en base a este acordo.

CONVENIOS ASINADOS 2018

- Garantir a prestación dun servizo de recollida selectiva de papel-cartón de calidade, en particular no referente á frecuencia de recollida para evitar desbordamentos e á limpeza e mantemento dos contedores e da súa contorna, segundo recolle o Convenio de Colaboración, de forma que se facilite e incentive a participación dos usuarios na recollida selectiva.

OBRIGAS ECONÓMICAS

A entidade presentará a Ecoembes unha factura en concepto de "Sobrecusto recollida selectiva de pape/-cartón: mellora de infraestruturas do Concello de Cedeira", polo importe indicado na cláusula terceira do presente acordo. Á factura deberase achegar copia da factura ou xustificante da compra dos contedores.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN SAN ANDRÉS EVENTOS

PARTES ASINANTES

Asociación San Juan e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asociación San Andrés Eventos, e en particular as seguintes actividades:

- Organización da rapa das bestas.
- Mantemento do Curro da Capelada.

PRAZO DE DURACIÓN

Data da firma do convenio: 28 de novembro de 2018.

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e ata o final do ano 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha subvención económica cunha aportación de 3.500 € que se destinarán ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira do convenio desenvoltas pola Asociación San Andrés Eventos.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ ROJA CEDEIRA

PARTES ASINANTES

Asamblea local de Cruz Roja Cedeira e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira.

PRAZO DE DURACIÓN

Data da firma do convenio: 28 de decembro de 2018.

O presente Convenio entrará en vigor no 2018 e se referirá ás actividades realizadas e gastos incorridos ata final de 2018, sen prexuízo da pervivencia deste en tanto se continúe coa tramitación do expediente.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Obrigas do beneficiario: a entidade virá obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación de 3.000,00 €, con cargo á partida 135.489.00.

CONVENIOS ASINADOS 2018

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA

PARTES ASINANTES

Asociación Ecuestre A Crina e Concello de Cedeira

OBXECTO

É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asociación Ecuestre A Crina, e en particular as seguintes actividades que organiza:

- Rutas a cabalo
- Organización de probas e concursos hípicas
- Potenciar o turismo ligado ao mundo do cabalo na Serra da Capelada

PRAZO DE DURACIÓN

Data da firma do convenio: 10 de decembro de 2018.

O presente Convenio entrará en vigor no 2018 e se referirá ás actividades realizadas e gastos incorridos ata final de 2018.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Obrigas do beneficiario:

- Organizar os eventos obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención;
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente;
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio;
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada;
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación de 3.500,00 €.